



Sábado 31 de maio de 2025

A través da plataforma  **zoom**

De **10:00 a 13:00** horas

Acreditaranse **3 horas** de formación

SEMINARIO

Alicia Moreno Fernández

Enfoque de xénero en terapia familiar sistémica



A ATFM de Galicia organiza para o sábado 31 de maio de 2025 o seminario en liña "**Enfoque de xénero en terapia familiar sistémica**" coa psicóloga e psicoterapeuta familiar **Alicia Moreno Fernández**, a través da plataforma **Zoom**.

Alicia Moreno Fernández é doutora en Psicoloxía, psicóloga clínica, psicoterapeuta familiar e de parella e supervisora docente acreditada pola FEATF.

Editora dos libros (e autora de varios capítulos) «**Manual de terapia sistémica. Principios y herramientas de intervención**» (2014), «**La práctica de la terapia sistémica**» (2018, Ed.Desclee) e de varias publicacións sobre o enfoque de xénero. Autora do artigo «**El enfoque de género en terapia de pareja**» (revista Mosaico nº87, maio 2024).

Fundadora e directora de FOCUS, un centro de psicoterapia e docencia en terapia familiar sistémica, con programas acreditados pola FEATF. Docente en varios programas universitarios de posgrao para profesionais sanitarios.

PRESENTACIÓN DO SEMINARIO

Este taller é unha invitación para incluír o feminismo e a perspectiva de xénero como un dos eixos do traballo como terapeutas sistémicos, de forma que as nosas intervencións non invisibilicen ou perpetúen situacións de desigualdade entre homes e mulleres.

Abordaremos o impacto das desigualdades sociais e de poder entre mulleres e homes nas relacións de parella e familia, así como os discursos sociais dominantes e os mandatos de xénero (comezando por nós como psicoterapeutas), explorando os seus efectos no espazo terapéutico. Revisaremos os rumbos de xénero implícitos nos nosos modelos teóricos sistémicos e exploraremos como incluír a perspectiva de xénero na formulación de hipótese e estratexias terapéuticas, especialmente na intervención en terapia de parella, sinalando algúns dos patróns relacionales problemáticos que están vinculados co xénero.



máis información aquí!

Asociados/as da ATFM de Galicia/FEATF/SPTF **10 €**

Comprobarase na FEATF/SPTF

Colexiados/as do COPG e do COTSG **15 €**

Xuntar carné colexiado/a

Estudante universitario/a, máster e 3º Ciclo **10 €**

Xuntar certificación da Secretaría da Facultade

Demandantes de emprego **10 €**

Xuntar xustificante actualizado da situación

Outros/as profesionais **20 €**

Capacidade limitada a **90 prazas** que se encherán por orde de recepción. Data límite de recepción de inscricións: **28 de maio de 2025**